

RESOLUCIÓN DA ALCALDIA

ASUNTO: Aprobación bolsa emprego operario/a limpeza 2022

EXPEDIENTE: 2022/G003/000521

Considerando a Resolución da Alcaldía nº 25/2022, de data 12 de xaneiro, que aprobou a convocatoria e as bases específicas para a constitución da Bolsa de emprego temporal do persoal laboral, categoría de persoal limpeza.

Vistos os resultados das probas selectivas do devandito proceso que tiveron lugar os días 30 de marzo e 7 de abril de 2022, e que foron publicados nos lugares previstos nas anteditas Bases.

Vista a proposta do tribunal cualificador de data 12 de abril de 2022, publicada na devandita data.

Visto o informe da técnica de Recursos Humanos de data 12 de abril de 2022.

Considerando que resulta de aplicación a seguinte lexislación:

- A Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia
- Lei 3/1983, de 15 de xuño, de Normalización Lingüística de Galicia
- Os artigos 231 e seguintes da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia
- Os artigos 21.1.g), 91, 103 e 104 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local
- O texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público aprobado por Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro
- A Lei 30/1984, de Medidas para a Reforma da Función Pública
- Os artigos 177 e seguintes do Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril
- A Disposición Adicional Segunda do Real Decreto 896/1991, de 7 de xuño, polo que se establecen as regras básicas e os programas mínimos a que debe axustarse o

procedemento de selección dos funcionarios de Administración Local

— O Texto Refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2015, de 23 de outubro

— O Convenio Colectivo do persoal laboral do Concello de Teo

En virtude do exposto e no uso das facultades que me confire o artigo 21.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e demais normativa aplicable,

RESOLVO:

Primeiro.- Aprobar a constitución da Bolsa de emprego de persoal laboral temporal, categoría persoal de limpeza, coa seguinte relación de aspirantes, sendo que os chamamentos produciríanse atendendo á orde de prelación das persoas aspirantes e en función das necesidades existentes.

Nº ORDE	APELIDOS	NOME	NIF	PUNTUACIÓN OBTIDA
1	MEJUTO CASTIÑEIRAS	YOLANDA	***7633**	9,75
2	BARROS BUELA	MARÍA JOSÉ	***2726**	9,40
3	NÚÑEZ CALVIÑO	JUAN JOSÉ	***2834**	9,40
4	RODRÍGUEZ ENRÍQUEZ	AMALIA	***1047**	9,40
5	RODRÍGUEZ GONZÁLEZ	MARÍA	***5661**	9,40
6	RODRÍGUEZ RODRÍGUEZ	ELENA MARÍA	***0416**	8,65
7	ÁLVAREZ MARTÍNEZ	MARÍA DEL CARMEN	***6779**	8,50
8	CIMADEVILA CAMPOS	EVA	***7164**	8,50
9	REY CARREIRA	MARÍA CARMEN	***0661**	8,50
10	GARRIDO MARTÍNEZ	FRANCISCO JAVIER	***0497**	8,45
11	CALVO BARDANCA	CARMEN MARÍA	***8908**	7,95
12	PICÓN FERRO	SANDRA	***2233**	7,95
13	CASTROMÁN ROMERO	BEATRIZ	***1034**	7,90
14	FERNÁNDEZ RODRÍGUEZ	SANDRA	***2138**	7,75
15	MAYO PIÑEIRO	ESPERANZA DIVINA	***9494**	7,75
16	CABANAS VÁZQUEZ	MARÍA ESTHER	***1182**	7,65
17	GOSENDE BRAGAÑA	MÓNICA	***9040**	7,60

18	NIETO BUELA	MARÍA JOSÉ	***1973**	7,00
19	VIEIRO GARCÍA	JOSÉ ANTONIO	***7478**	7,00
20	NOVO CLEMENTE	ALBA	***9332**	6,75
21	BARCIA RIBADAS	MARÍA DEL CARMEN	***0079**	6,50
22	MONTOIRO CASTRO	SONIA MARÍA	***1583**	6,40
23	RODRÍGUEZ FRAGA	MARÍA JOSÉ	***1338**	6,40
24	VÁZQUEZ FERNÁNDEZ	MARÍA ISABEL	***7750**	6,40
25	CAJARAVILLE SEIJO	MARÍA MERCEDES	***0094**	5,80
26	LAMELA CAAMAÑO	ARMINDO	***8644**	5,80

Segundo.- Publicar a relación de persoas aspirantes incluídas na Bolsa, que debe quedar permanentemente actualizada na sede electrónica municipal.

Terceiro.- De conformidade co previsto no artigo 4 d) do Regulamento de bolsas de traballo temporal do persoal do Concello de Teo, a creación da presente Bolsa de traballo supón a anulación da Bolsa aprobada pola Resolución da Alcaldía nº 751/2020, de 18 de agosto de 2020.

Cuarto.- Dar conta ao Pleno na vindeira sesión ordinaria que celebre.

Teo, asinado na data que figura na marxe.

A alcaldesa accidental
María López Álvarez

A secretaria xeral, que dou fe
Virginia Fraga Díaz